

Mesa Sectorial do 10 de xuño de 2025

Decreto de oferta de emprego público do SERGAS 2025

CIG-Saúde vota en contra do decreto de oferta de emprego por manter a taxa de reposición, por insuficiente, por non incluír a totalidade de prazas vacantes no sistema e porque o SERGAS continúa acumulando as ofertas en determinadas categorías.

Solicitamos que se convoquen todas as prazas vacantes existentes e de todas as categorías.

O SERGAS informa que a oferta de emprego inclúe un total de 3460 prazas, das que se retiraron un total de 100 para un decreto de oferta que pretenden sacar neste ano 2025 para postos de difícil cobertura.

CIG-Saúde solicitamos que na oferta de emprego extraordinaria de difícil cobertura non se inclúa a categoría de FEAP e que esas prazas se oferten como médico/a de familia.

Esiximos a desaparición da categoría de FEAP.

O SERGAS informa de que con este nº de prazas están incluídas as interinidades iniciadas entre o 05/07/2022 e o 31/12/2023.

Polo que confirmar de que van facer unha **prórroga expresa das interinidades que chegan aos 3 anos** vinculada á convocatoria de concurso-oposición da categoría.

Proximamente enviarán o temario de Dietista-nutricionista, para alegacións. Hai outro temario que tamén hai que elaborar, o de Enxeñeiro/a superior biomédico/a.

En canto ás convocatorias de concurso oposición, pretenden **publicar no mes de xullo as convocatorias** de varias categorías acumulando as prazas de ofertas de emprego de 2025, 2024 e anteriores.

